



Desvelar os segredos da nosa historia é traballo de especialistas.

## @s arqueólog@s

### 82. Que son?

A Arqueoloxía é unha especialidade dos estudos universitarios de Historia. Non todos os historiadores son arqueólogos, e entre estes existen tamén diferentes especializacións, xa sexa polos seus coñecementos na historia do mundo antigo, do medieval ou doutros.

### 83. A que se dedican?

Aos arqueólogos confíaselles o control e a supervisión dos movementos de terra necesarios para acometer a realización de obras que afectan ao subsolo. Hai cidades e zonas máis sensibles ou máis cheas de restos arqueolóxicos. Tamén realizan escavacións arqueolóxicas programadas para coñecer a historia dun determinado lugar do que xa se sabe do seu interese, ben por tradición ou por estudos documentados que aconsellan tales escavacións.

### 84. Como podemos axudarlles?

En xeral, os estudos arqueolóxicos que é bo realizar antes de iniciar obras que afectan o subsolo ou o solo, dependendo das zonas, supoñen unha incomodidade para o promotor, pois os trámites e os estudos poden significar unha demora no inicio das obras. Pero isto pódese prever, e é conveniente iniciar con suficiente antelación os trámites que establece a lexislación vixente, autonómica ou municipal, para poder emprender despois as obras no momento que desexamos.